



# BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO

ANO CCCXLIV • LUNS 1 DE MARZO DE 2004 • SUPLEMENTO NÚM. 4 EN LINGUA GALEGA

PUBLICACIÓN EN LINGUA GALEGA DAS LEIS, REAIS DECRETOS LEI,  
REAIS DECRETOS LEXISLATIVOS E OUTRAS DISPOSICIÓN S DE CARÁCTER XERAL

ESTE SUPLEMENTO CONSTA DE DOUS FASCÍCULOS

FASCÍCULO SEGUNDO

## MINISTERIO DE ECONOMÍA

**3280** *REAL DECRETO 297/2004, do 20 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro. («BOE» 45, do 21-2-2004.)*

Este real decreto ten por obxecto introducir as modificacións necesarias no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, para adaptalo á Directiva 2002/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de marzo de 2002, pola que se modifica a Directiva 73/239/CEE do Consello no que respecta aos requisitos da marxe de solvencia das empresas de seguros distintos do seguro de vida, e á Directiva 2002/83/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002, sobre o seguro de vida. Esta última directiva refunde a normativa comunitaria sobre o seguro de vida, incluída a Directiva 2002/12/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de marzo de 2002, pola que se modifica a Directiva 79/267/CEE do Consello no que respecta aos requisitos da marxe de solvencia das empresas de seguros de vida. A incorporación ao ordenamento xurídico español destas directivas supón a modificación da normativa que regula as exixencias e requisitos de solvencia das entidades aseguradoras.



MINISTERIO  
DE LA PRESIDENCIA

O plan de acción en materia de servizos financeiros, segundo o aprobado nos Consellos Europeos de Colonia, do 3 e 4 de xuño de 1999, e de Lisboa, do 23 e 24 de marzo de 2000, reconece a importancia da marxe de solvencia das empresas de seguros co fin de protexer os asegurados no mercado único, garantindo que as aseguradoras dispoñan do patrimonio suficiente en relación coa natureza dos seus riscos.

Tanto a Directiva 73/239/CEE (primeira directiva de seguros distintos do de vida) como a Directiva 79/267/CEE (primeira directiva de seguros de vida) exixen que as empresas de seguros manteñan unha marxe de solvencia que actúe como amortecedor fronte a flutuacións adversas da súa actividade, constituindo un elemento importante no sistema de supervisión prudencial para a protección dos asegurados e tomadores de seguros.

A actual normativa sobre a marxe de solvencia establecida polas directivas citadas mantívose practicamente sen cambios na normativa comunitaria. Non obstante, o artigo 25 da Directiva 92/49/CEE do Consello, do 18 de xuño de 1992, sobre coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas relativas ao seguro directo distinto do seguro de vida (terceira directiva de seguros distintos do seguro de vida) e o artigo 26 da Directiva 92/96/CEE do Consello, do 10 de novembro de 1992, sobre coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas relativas ao seguro directo de vida (terceira directiva de seguros de vida), establecían un prazo de tres anos desde a súa entrada en vigor —1 de xullo de 1994— para que a Comisión Europea presentase un informe sobre a necesidade dunha maior harmonización da marxe de solvencia.

O informe elaborado pola Comisión Europea concluíu que, ben que a estrutura simple e firme do sistema vixente funcionara satisfactoriamente e se baseaba en principios adecuados e dotados de gran transparencia, observáranse certas debilidades en casos específicos, en particular en relación con aqueles aspectos sensibles desde o punto de vista do risco.

Como consecuencia destes traballos, adoptáronse as Directivas 2002/12/CE do Parlamento e do Consello e 2002/13/CE do Parlamento e do Consello, ambas as dúas do 5 de marzo de 2002, que estableceron novos requisitos para a marxe de solvencia das entidades de seguros de vida e de seguros distintos do de vida, respectivamente. A primeira delas foi derogada e o seu contido incorporado á Directiva 2002/83/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002, sobre o seguro de vida, que refunde e codifica a normativa comunitaria sobre o seguro de vida.

Da nova regulación sobre solvencia cabe destacar que se reforzan as actuais exixencias cuantitativas, tanto no que se refire ao fondo de garantía como á marxe de solvencia obrigatoria, establecéndose, pola súa vez, un mecanismo que prevexa a súa actualización periódica e automática en función do índice europeo de prezos do consumo.

Prevese tamén que en situacións concretas en que se vexan ameazados os dereitos dos asegurados, as autoridades competentes estarán facultadas para intervir coa suficiente antelación, se ben, no exercicio destes poderes, as autoridades deben informar as empresas de seguros acerca das razóns que motiven tal actuación supervisora, de conformidade cos principios de eficacia e legalidade. En tres pódense concretar as medidas que para efectos de garantir a solvencia futura prevén as directivas: a exixencia dun plan de recuperación financeira; obrigar as empresas de seguros a ter unha marxe de solvencia obrigatoria máis alta, co fin de garantir que poidan cumprir nun futuro próximo os requisitos de solvencia, e revisar á baixa os elementos que poden integrar a marxe de solvencia dispoñible, en particular cando se producise un cambio significativo no valor de mercado destes elementos desde a fin do exercicio anterior.

De conformidade co previsto nas directivas, establécese un período transitorio para que as entidades aseguradoras se adapten ás novas exixencias de solvencia.

As novas contías do fondo de garantía, así como as dúas primeiras medidas para garantir a solvencia futura, foron incorporadas á Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, pola Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados.

Coas modificacións do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados que se recollen neste real decreto complétase a transposición das directivas sobre marxe de solvencia.

No marco da incorporación da normativa comunitaria introdúcense igualmente no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados determinadas adaptacións derivadas da transposición da Directiva 2000/26/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de maio de 2000, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre o seguro de responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos automóbiles, que foi realizada a través da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

O resto de modificacións introducidas por este real decreto no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados derivan, por unha parte, da necesidade de incorporar á actual regulación dos procesos de cesión, fusión ou escisión aspectos non previstos nela, pero que, porén, veñen demandados polo mercado, tales como novos supostos de cesión parcial de carteira fundamentados nas distintas vías de negocio ou canles de distribución, a consideración da cesión, fusión ou escisión como procesos de concentración ou, finalmente, no que se refire ao exercicio do dereito de resolución por parte do tomador no suposto de contratos de seguro en que España sexa o Estado membro do compromiso ou de localización do risco.

Por outra parte, considerouse necesario excluír a obriga, ata agora existente, de detallar nos estatutos da entidade aseguradora os ramos de seguro en que desenvolve a súa actividade, considerando suficiente que aqueles conteñan o obxecto social e o ámbito territorial, o que contribúe a eliminar dificultades administrativas no funcionamento das entidades aseguradoras, motivadas pola necesidade de modificar os estatutos cada vez que soliciten e obteñan autorización de ramos distintos aos inicialmente autorizados ou se proceda á revogación dalgún dos ramos.

Igualmente, resulta necesario modificar determinadas normas do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados tanto para un mellor desenvolvemento das funcións de supervisión dos grupos de entidades aseguradoras como para incluír o seguro de crédito, xunto cos riscos actualmente recollidos de tormenta, pedra e xeada, para efectos de considerar a carga media da sinistralidade con referencia aos sete últimos exercicios para o cálculo da marxe de solvencia, o que se xustifica tanto por unha completa adecuación do noso ordenamento xurídico á normativa comunitaria, como polo comportamento cíclico do ramo. Así mesmo, cómpre prever no cálculo da provisión para prestacións pendentes de liquidación ou pagamento a incidencia da utilización de métodos estatísticos de cálculo.

Como consecuencia das adaptacións realizadas pola Directiva 2002/83/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002, sobre o seguro de vida, modifícanse os requisitos para a obtención da autorización administrativa polas sucursais en España de terceiros países non membros do Espazo Económico Europeo, co obxecto de exonerarlas da presentación dos modelos de pólizas e bases técnicas como requisito previo. Isto sen prexuízo da posibilidade de requirir a súa presentación.

Finalmente, hai que considerar que as modificacións introducidas non alteran a actual cualificación competencial dos preceptos afectados, polo que estes continúan revestindo o carácter de básicos.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro de Economía, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación

do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de febreiro de 2004,

**DISPÕÑO:**

Artigo único. *Modificación do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.*

Modifícase o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, nos termos que se indican a seguir:

Un.—Engádeselle unha nova alínea f) ao punto 1 do artigo 4, «Solicitud e autorización administrativa», coa seguinte redacción:

«f) Se a entidade pretende cubrir os riscos do ramo de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, excluída a responsabilidade do transportista, deberá comunicar o nome e o enderezo do representante designado en cada un dos Estados do Espazo Económico Europeo distinto a España, encargado da tramitación e liquidación dos sinistros ocorridos nun Estado membro distinto ao de residencia do prexudicado ou nun país asinante do sistema de Carta Verde.»

Dous.—Introdúcese un último parágrafo no punto 1 do artigo 5, «Modificación da documentación presentada», coa seguinte redacción:

«Calquera modificación dos representantes designados en virtude do disposto no artigo 4.1.f) deste regulamento deberalle ser comunicada ao Consorcio de Compensación de Seguros.»

Tres.—Modifícase o punto 2 do artigo 5, «Modificación da documentación presentada», que pasa a ter a seguinte redacción:

«2. As modificacións da documentación presentada á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou, se é o caso, ao Consorcio de Compensación de Seguros cando se trate dos representantes para a tramitación e liquidación de sinistros a que se refire o artigo 4.1.f) deste regulamento, que determinen que a entidade aseguradora deixe de cumprir algún dos requisitos establecidos na lei e neste regulamento para o outorgamento da autorización administrativa, darán lugar ao inicio do procedemento administrativo de revogación, sen prexuízo do posible trámite de emenda previsto no artigo 25.3 da lei.»

Catro.— Modifícase a alínea b) do punto 1 do artigo 11, «Normas aplicables», que pasa a ter a seguinte redacción:

«b) Os resultados positivos, unha vez constituídas as garantías financeiras exixidas pola lei, incluso a reserva a que se refire o artigo 19 desta, destinaranse en primeiro termo á devolución das achegas reintegrables a socios ou mutualistas realizadas para constituír o fondo mutual ou a incrementar as reservas patrimoniais, e o exceso sobre estas contías poderase distribuír entre os mutualistas. Se os resultados fosen negativos, serán absorbidos polas derramas pasivas, por reservas patrimoniais e, en último termo, polo fondo mutual. Todas estas operacións quedarán totalmente ultimadas no exercicio seguinte a aquel en que se producisen os resultados.»

Cinco.—Modifícase o segundo parágrafo do punto 1 do artigo 39, «Provisión de prestacións», nos seguintes termos:

«Este custo incluirá os gastos tanto externos como internos de xestión e tramitación dos expedientes, calquera que sexa a súa orixe, producidos e por producir ata a total liquidación e pagamento

do sinistro. Os recobramentos ou cantidades a recuperar polo exercicio das accións que correspondan ao asegurador fronte ás persoas responsables do sinistro non se poderán deducir do importe da provisión.

Non obstante o anterior, cando a provisión para prestacións se calcule utilizando métodos estatísticos de conformidade co indicado no artigo 43 deste regulamento, os pagamentos poderanse computar netos de recobramentos.»

Seis.—Dáselle unha nova redacción ao punto 1 do artigo 40, «Provisión de prestacións pendentes de liquidación ou pagamento», nos seguintes termos:

«1. Incluirá o importe de todos aqueles sinistros ocorridos e declarados antes do cerramento do exercicio. No caso de que a entidade non utilice métodos estatísticos previstos no artigo 43, incluirá, ademais, todos os sinistros ocorridos antes do cerramento do exercicio e declarados desde o cerramento ata o 31 de xaneiro do ano seguinte, ou ata a formulación das contas anuais se esta data for anterior. Formarán parte dela os gastos de carácter externo inherentes á liquidación de sinistros e, se é o caso, os xuros de demora e as penalizacións legalmente establecidas en que incorrese a entidade.»

Sete.—Engádesse un novo punto 1 bis e modifícase o punto 23 do artigo 50, «Bens e dereitos aptos para o investimento das provisións técnicas», que terán a seguinte redacción:

«1 bis. Activos financeiros estruturados de renda fixa, cuxos subxacentes cumplan tamén os principios e requisitos establecidos nos artigos 49 a 53 e 55 deste regulamento e na súa normativa concordante e de desenvolvemento.»

«23. O ministro de Economía poderá establecer as condicións que teñan que reunir outros activos non enumerados anteriormente para a súa consideración como aptos para a cobertura de provisións técnicas.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá excluír da cualificación de bens e dereitos aptos para a cobertura das provisións técnicas os activos subxacentes aos que se refire o punto 1 bis cando na entidade aseguradora se rexistre unha excesiva concentración destes investimentos excedendo dos límites previstos no artigo 53 ou estas non reúnan os requisitos establecidos no artigo 49.»

Oito.— Modifícase o artigo 59, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 59. Patrimonio propio non comprometido.

1. O patrimonio propio non comprometido, para os efectos da marxe de solvencia individual, a que se refire o punto 2 do artigo 17 da lei, comprende as partidas que a seguir se relacionan, deducidos os elementos inmateriais que se sinalan no punto 2 deste artigo:

Un.—Con carácter xeral, terán a consideración de patrimonio propio non comprometido as seguintes partidas:

a) O capital social desembolsado excluída a parte deste recollida na alínea e) seguinte, ou o fondo mutual.

No caso de que a entidade aseguradora financie os seus socios directamente ou a través de participacións no capital de sociedades ou de persoas físicas que exerzan control directo ou indirecto sobre aquela, o importe computable por esta alínea a) corresponderase coa posición neta investidora deses socios.

No caso de entidades aseguradoras autorizadas para a xestión de fondos de pensións, a cantidade computable na marxe de solvencia por esta alínea a) minorarase no importe do capital social desem-

bolsado afecto a tal actividade previsto na normativa reguladora de plans e fondos de pensións.

b) A reserva de revalorización, a prima de emisión e outras reservas patrimoniais. Será aplicable respecto destas partidas o indicado no segundo inciso da alínea a) precedente.

En todo caso excluíranse desta alínea, na medida en que o seu importe non se deducise xa noutras rúbricas, os seguintes conceptos:

1.º As reservas que se constituían en cumprimento do disposto nos artigos 79, norma 3.ª, e 80.1 do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro.

2.º O importe das accións propias ou da sociedade dominante adquiridas ou aceptadas en peñor ou outra forma de garantía, directamente pola entidade ou indirectamente a través de persoa ou sociedade interposta, así como o importe dos financiamentos a terceiros cuxo obxecto sexa a adquisición de accións propias, na medida en que non se constituísen as reservas a que se refire o parágrafo 1.º anterior.

3.º As accións propias adquiridas para redución de capital.

4.º As reservas que se correspondan cos recursos propios mínimos exixidos pola normativa reguladora de plans e fondos de pensións.

5.º O importe das diferenzas negativas contabilizado na conta "Minusvalía procedente de valores negociables de renda variable [artigo 33.2.b) do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados]".

c) O remanente e a parte do saldo acreedor da conta de perdas e ganancias que se destine a incrementar os fondos propios da entidade.

d) As contribucións non reintegrables de socios ou mutualistas que figuren no pasivo do balance, cando cumpran os seguintes requisitos:

1.º Que os estatutos da entidade prevexan que a súa devolución non ocasione un descenso do patrimonio propio non comprometido por debaixo da contía mínima da marxe de solvencia e que, en caso de liquidación da entidade, só se farán efectivos despois de liquidar todas as demais débedas da empresa.

2.º Que a súa devolución se lle notifique á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións cun mes de antelación ao seu pagamento, podendo prohibilo mediante resolución motivada no prazo dun mes desde que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións tivese coñecemento da notificación da empresa.

3.º Que as disposicións dos estatutos, así como as súas modificacións, referentes a esta partida sexan aprobadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

e) A parte do capital social correspondente ás accións sen voto reguladas na sección 5.ª do capítulo IV do texto refundido da Lei de sociedades anónimas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1564/1989, do 22 de decembro, e os financiamentos subordinados, ata un límite máximo do 50 por cento, ben do patrimonio propio non comprometido, incluídas estas partidas, ben da contía mínima da marxe de solvencia se esta fose menor.

Os financiamentos subordinados terán que cumprir as seguintes condicións, que se farán constar nos contratos e folletos de emisión:

1.º Existirá acordo vinculante por cuxa virtude, para efectos da prelación de créditos, os acredores por este concepto se sitúen detrás de todos os acredores comúns.

2.º Unicamente se tomarán en consideración os fondos efectivamente desembolsados.

3.º Cando se trate de préstamos a prazo fixo, o prazo inicial será de cinco anos, como mínimo. Se non fose fixada a data do seu vencemento, deberá terse estipulado para a súa retirada total ou parcial un aviso previo de, polo menos, cinco anos.

Tanto nun coma noutro caso, desde o momento en que o seu prazo remanente sexa de cinco anos, e durante eses cinco anos, reducirán o seu cómputo como patrimonio propio a razón dun 20 por cento anual, ata que o seu prazo remanente sexa inferior a un ano, momento en que deixarán de computarse como tales.

4.º Non poderán conter cláusulas de rescate, reembolso ou amortización anticipada, sen prexuízo de que o debedor poida proceder ao reembolso anticipado se con iso non se ve afectada a solvencia da entidade, logo de autorización da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

As accións sen voto computaranse polo seu capital desembolsado.

Os financiamentos subordinados de duración determinada non se poderán computar por un importe superior ao 25 por cento ben do patrimonio propio non comprometido, ben da contía mínima da marxe de solvencia, se esta for menor.

f) Os financiamentos de duración indeterminada, distintos dos mencionadas na alínea e) precedente, cando cumpran os requisitos seguintes:

1.º Non serán reembolsables por iniciativa do acreedor ou sen o acordo previo da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

2.º O contrato de emisión deberalle dar á entidade de seguros a posibilidade de diferir o pagamento dos xuros.

3.º Existirá acordo vinculante por cuxa virtude, para efectos da prelación de créditos, os acredores por este concepto se sitúen detrás de todos os acredores comúns.

4.º No contrato de emisión estipularase que a débeda e os xuros pendentes de pagamento se poderán aplicar a absorber as perdas da entidade, sen necesidade de proceder á súa disolución.

5.º Unicamente se tomarán en consideración os fondos efectivamente desembolsados.

Os financiamentos de duración indeterminada recollidos neste parágrafo, máis os financiamentos subordinados da alínea e) precedente, estarán sometidos para os efectos deste artigo, a un límite conxunto do 50 por cento ben do patrimonio propio non comprometido, ben da contía mínima da marxe de solvencia, se esta for menor.

Dous.—Poderanse computar como patrimonio propio non comprometido as seguintes partidas:

a) A metade da parte de capital social subscrito pendente de desembolso, ata un límite máximo do 50 por cento ben do patrimonio propio non comprometido, ben da contía mínima da marxe de solvencia, se esta for menor.

b) Nos ramos de seguro distintos ao de vida, o 50 por cento da derrama pasiva, cando sexa exixible aos mutualistas, nos termos do artigo 9.2.e) da lei, co límite do 50 por cento das primas netas de anulacións do seguro directo. Este sumando non poderá exceder da metade do patrimonio propio non comprometido, computando as partidas do número un e dous alíneas a) e c) deste número dous, e deducidos os elementos indicados no número 2 deste artigo, ou da metade da contía mínima da marxe de solvencia, se esta for menor.

c) As plusvalías resultantes da infravaloración de elementos do activo, logo de dedución de todos os gastos que puidesen incidir no importe final da plusvalía.

En ningún caso se poderán computar as plusvalías que procedan de carteiras de investimentos

a vencemento vinculadas a operacións de seguros de vida de acordo co previsto no artigo 33.2 deste regulamento. Tampouco serán computables as plusvalías contables aplicadas á compensación de minusvalías.

d) As comisións descontadas que tecnicamente resulten pendentes de amortización co límite por póliza do 3,5 por cento da diferenza entre o capital asegurado e a provisión matemática, e delas deducirase, se é o caso, o importe das comisións descontadas activadas.

O cómputo como patrimonio propio non comprometido das partidas enumeradas neste número dous efectuarase por petición debidamente xustificada da entidade perante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, e logo do acordo desta, excepto no caso de plusvalías resultantes da infravaloración de elementos do activo aptos para cobertura de provisións técnicas aos que se refire o artigo 50 deste regulamento.

2. Para os efectos do regulado neste artigo, consideraranse como elementos inmateriais que hai que deducir no cálculo da marxe de solvencia os elementos que carezan de valor de realización ou que, pola súa falta de permanencia, se poida fundamentalmente presumir que non se axustan aos fins da lei e deste regulamento.

En todo caso, deduciranse no cómputo do patrimonio propio non comprometido as seguintes partidas:

a) Os gastos de establecemento, constitución, ampliación de capital e formalización de débedas que figuren no activo do balance.

b) O saldo debedor da conta de perdas e ganancias.

c) Os resultados negativos de exercicios anteriores.

d) A minusvalía resultante da sobrevaloración dos elementos de activo e da infravaloración de elementos de pasivo, que non fosen imputadas a resultados. Inclúiranse nesta partida as obrigas, provisións ou débedas que poidan non se ter contabilizado en virtude dalgunha disposición legal ou regulamentaria, agás as que procedan de carteiraas de investimentos a vencemento vinculadas a operacións de seguros de vida de acordo co previsto no artigo 33.2 deste regulamento.

3. No caso de entidades aseguradoras autorizadas a realizar operacións de seguro directo distinto do seguro de vida e operacións de seguro de vida, os límites citados neste artigo aplicaranse separadamente para cada actividade.

4. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá axustar a valoración dos elementos a que se refire o número 1 cando estes deixen de ter, total ou parcialmente, a condición de patrimonio propio non comprometido.

5. O ministro de Economía poderá adaptar as partidas que, conforme este artigo se deben considerar no cálculo do patrimonio propio non comprometido, ás modificacións que por normativa comunitaria se introduzan respecto da relación de tales elementos e respecto das condicións ou requisitos para o seu cómputo.»

Nove.—Modifícase o artigo 60, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 60. Patrimonio propio non comprometido dos grupos consolidables de entidades aseguradoras.

1. Para efectos do disposto no artigo 17.3 da lei, o patrimonio propio non comprometido dos grupos consolidables de entidades aseguradoras comprende as partidas que deseguido se relacionan, deducidos os elementos inmateriais que se sinalan no número 2 deste artigo:

Un.—Terán a consideración de patrimonio propio non comprometido as seguintes partidas:

a) O capital social desembolsado ou o fondo mutual da sociedade dominante, coas mesmas deducións, en canto ao capital social, establecidas no artigo 59 anterior, cando as circunstancias alí indicadas e relativas a socios non incluídos no grupo concorran en relación con calquera das sociedades do grupo consolidable.

b) As reservas patrimoniais do grupo consolidable.

c) O saldo acreedor das reservas en sociedades consolidadas.

d) O saldo acreedor da conta de perdas e ganancias consolidada co límite da parte destinada a incrementar en cada sociedade do grupo consolidable os seus recursos propios.

e) As contribucións non reintegrables de socios ou mutualistas que figuren no pasivo do balance, na medida en que sexan computables a nivel individual.

f) As diferenzas negativas de consolidación, agás cando teñan a natureza de provisións para riscos e gastos.

g) Os xuros minoritarios, co límite, no que se refire á participación nos resultados das sociedades dependentes, da parte destinada a incrementar os recursos propios do grupo. A parte correspondente a capital pendente de desembolso computarase soamente polo 50 por cento, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no número dous seguinte.

h) Os financiamentos subordinados e os de duración indeterminada recibidos polas sociedades integrantes do grupo consolidable, na medida en que non deban ser obxecto de eliminación, nas condicións e cos límites establecidos nas alíneas e) e f) do punto 1.un do artigo 59, para o cálculo do patrimonio propio individual, referidas unhas e outras ao grupo consolidable de entidades aseguradoras.

i) Así mesmo, computaranse todas aquelas partidas que, sen se inclúiren nas alíneas anteriores, sexan admitidas pola lexislación dos Estados membros do Espazo Económico Europeo onde estean domiciliadas entidades pertencentes ao grupo consolidable sempre que fosen computables a nivel individual. No caso de terceiros países, será necesario para o seu cómputo autorización previa do ministro de Economía.

Dous.—As seguintes partidas poderanse computar como patrimonio propio non comprometido dos grupos consolidables de entidades aseguradoras, sempre que concorran os requisitos exixidos para o seu cómputo a nivel individual e se respecten a nivel consolidado os mesmos límites que son exixibles a nivel individual:

a) A metade da parte de capital social subscrito pendente de desembolso da sociedade dominante cos límites establecidos na alínea a) do punto 1.dous do artigo 59, para o cálculo do patrimonio propio individual.

b) Nos ramos de seguros distintos ao de vida, a derrama pasiva, desde o momento en que sexa exixible aos mutualistas da entidade dominante, nos mesmos termos establecidos na alínea b) do punto 1.dous do artigo 59.

c) As plusvalías resultantes da infravaloración de elementos de activo, tendo en conta os valores contables deses elementos no balance consolidado e nos termos establecidos na alínea c) do punto 1.dous do artigo 59.

d) As comisións descontadas que tecnicamente resulten pendentes de amortización da sociedade dominante e das dependentes, de acordo cos límites e deducións establecidos na alínea d) do punto 1.dous do artigo 59.

2. As partidas que se deberán deducir das anteriores para o cálculo do patrimonio propio non comprometido do grupo consolidable de entidades aseguradoras son as seguintes:

a) Os gastos de establecemento, constitución, ampliación de capital e formalización de débedas que figuren no activo do balance consolidado.

b) Se é o caso, o saldo debedor da conta de perdas e ganancias consolidada, así como os resultados negativos do grupo consolidable.

c) As minusvalías resultantes da sobrevaloración dos elementos de activo computables para marxe de solvencia ou da infravaloración de elementos de pasivo, de acordo co disposto para o patrimonio individual non comprometido. Inclúiranse nesta partida as obrigas, provisións ou débedas que poidan non se ter contabilizado en virtude dalgunha disposición legal ou regulamentaria.

d) O saldo debedor da conta de reservas en sociedades consolidadas.

e) En xeral, calquera outra partida que careza de valor de realización ou que pola súa falta de permanencia se poida fundadamente presumir que non se axusta aos fins da lei e deste regulamento.

3. Enténdese por diferenza negativa de consolidación a existente entre o valor contable da participación da sociedade dominante no capital da sociedade dependente e o valor proporcional dos fondos propios desta atribuíble á dita participación na data da súa adquisición.

Enténdese por reservas en sociedades consolidadas a participación da sociedade dominante nas reservas xeradas polas dependentes desde a data da primeira consolidación, incluídas aquelas que non pasasen polas súas contas de resultados.

4. En caso de que unha entidade aseguradora teña a posición dominante nun grupo mixto non consolidable dos definidos na Lei 13/1992, do 1 de xuño, sobre recursos propios e supervisión en base consolidada das entidades financeiras, deberalle presentar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a información precisa sobre o cumprimento das exixencias de recursos propios efectivos que determine a normativa reguladora dos mencionados grupos mixtos. Se a referida entidade aseguradora fose pola súa vez dominante dun subgrupo consolidable de entidades aseguradoras, teranse en conta, para estes efectos, as participacións de todas as entidades que formen o mencionado subgrupo no citado grupo mixto non consolidable.

5. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá axustar a valoración dos elementos a que se refiren o número 1 cando estes deixen de ter, total ou parcialmente, a condición de patrimonio propio non comprometido.»

Dez.—Dáselles nova redacción aos números 2, 3 e 4 e créanse tres novos números 4 bis, 4 ter e 6 no artigo 61, «Contía mínima da marxe de solvencia nos seguros distintos do seguro de vida»:

«2. Cando as entidades cubran esencialmente un ou varios dos riscos de crédito, tormenta, pedra e xeada, teranse en conta os sete últimos exercicios sociais como período de referencia do importe medio dos sinistros. Entenderase que se dá aquela circunstancia cando as primas dos ditos riscos sexan, polo menos, o 75 por cento do conxunto das emitidas pola entidade.

3. A contía da marxe de solvencia en función das primas determinarase na forma seguinte:

a) No concepto de primas inclúiranse as devengadas por seguro directo no exercicio que se recolla, netas das súas anulacións e extornos, máis as primas aceptadas en reaseguro no mesmo exercicio, ou ben, se fose máis elevado, o das primas imputadas por seguro directo no exercicio que se

contemple, netas das súas anulacións e extornos, máis as primas aceptadas en reaseguro no mesmo exercicio.

Nos ramos 11, 12 e 13 dos previstos na disposición adicional primeira da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, o importe das primas ou cotas a que se refire o parágrafo anterior incrementarase nun 50 por cento. Nestes ramos poderanse utilizar métodos estatísticos para a asignación das primas, sempre que estes fosen presentados, previamente á súa utilización, á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e esta os aceptase.

b) Ata 50 millóns de euros de primas aplicarase o 18 por cento, e ao exceso, se o houber, aplicaráselle o 16 por cento, sumándose ambos os resultados.

c) A contía obtida segundo se dispón na alínea anterior multiplicarase pola relación existente nos últimos tres exercicios, entre o importe da sinistralidade neta de reaseguro cedido e retrocedido, e o importe bruto da dita sinistralidade, sen que esta relación poida, en ningún caso, ser inferior ao 50 por cento.

4. A contía da marxe de solvencia en función dos sinistros determinarase na forma seguinte:

a) No importe dos sinistros inclúiranse os pagados por negocio directo no exercicio que se recolla e nos dous anteriores, salvo no caso dos riscos previstos no número 2 anterior en que se computarán os seis exercicios anteriores, sen dedución por reaseguro cedido nin retrocedido; inclúiranse tamén os sinistros pagados por aceptacións en reaseguro e as provisións de sinistros pendentes por seguro directo e reaseguro aceptado constituídas ao cerramento do exercicio recollido.

b) Da suma obtida segundo a alínea a) dedúcese o importe dos recobramentos por sinistros efectuados nos períodos a que se refire esa alínea, máis o das provisións de sinistros pendentes constituídas no momento do cerramento do exercicio anterior ao período recollido tanto por seguro directo como por reaseguro aceptado.

Nos ramos 11, 12 e 13 dos previstos na disposición adicional primeira da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, o importe dos sinistros, provisións e recobramentos que hai que considerar incrementarase nun 50 por cento. Nestes ramos poderanse utilizar métodos estatísticos para a asignación dos sinistros, provisións e recobramentos sempre que tales métodos fosen presentados, previamente á súa utilización, á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e esta os aceptase.

c) Ao terzo da cifra resultante segundo a alínea b), co límite de 35 millóns de euros, aplicarase o 26 por cento, e ao exceso, se o houber, aplicaráselle o 23 por cento, sumándose ambos os resultados. Cando se trate dos riscos previstos no número 2 anterior, aplicarase o sétimo en vez do terzo.

d) A contía obtida segundo a alínea c) multiplicarase pola relación existente nos tres últimos exercicios, entre o importe da sinistralidade neta de reaseguro cedido e retrocedido e o importe bruto da dita sinistralidade, sen que esta relación poida, en ningún caso, ser inferior ao 50 por cento.

As mencións a sinistros pagados e a provisión de sinistros pendentes que se efectúan neste artigo entenderanse referidas a todos os conceptos que se deben incluír en tales sinistros e provisións.

4 bis. Cando a contía mínima da marxe de solvencia, calculada conforme o previsto nas alíneas anteriores, resultase menor que a do exercicio anterior, a contía mínima determinarase multiplicando a do exercicio anterior polo coeficiente resultante de dividir a provisión técnica para prestacións netas de reaseguro constituída ao cerramento e a constituída

ao inicio do exercicio, sen que o coeficiente así calculado poida ser, en ningún caso, inferior a 1.

4. ter. Cando a natureza ou a calidade dos contratos de reaseguro cambiase significativamente desde o exercicio anterior, ou nos contratos de reaseguro non se produza, ou sexa insignificante a transferencia do risco, a redución por reaseguro prevista no punto 3.c) e no punto 4.d) deste artigo deberase axustar para reflectir a política de reaseguro da entidade que efectivamente incida na marxe de solvencia, reducíndose no importe que resulte necesario.

Presúmese que o reaseguro goza de calidade suficiente cando a entidade reaseguradora teña como mínimo unha cualificación de BB ou equivalente outorgada por unha axencia de cualificación.

En todo caso, non se aplicará a redución por reaseguro cando das súas contas anuais se deduza motivadamente que a solvencia actual ou futura do reasegurador se poida ver afectada.

6. As contías previstas nos puntos 3.b) e 4.c) anteriores serán obxecto dunha revisión anual desde o 20 de setembro de 2003, co fin de ter en conta os cambios do índice europeo de prezos de consumo publicado por Eurostat.

As contías adaptaranse automaticamente, aumentando o seu importe inicial en euros no cambio porcentual do dito índice durante o período transcorrido entre o 20 de marzo de 2002 e a data de revisión, redondeando ata un múltiplo de 100.000 euros. Se o cambio porcentual desde a última actualización é inferior ao cinco por cento, non se efectuará ningunha actualización.

Para estes efectos, para facilitar o seu coñecemento e aplicación, por resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións faranse públicas esas actualizacións.»

Once.—Dáselle nova redacción á alínea c) do número 2 e engádesse un novo punto 5 ao artigo 62, «Contía mínima da marxe de solvencia nos seguros de vida», nos seguintes termos:

«2. Non obstante o disposto no punto anterior, nos supostos especiais que a continuación se indican, a contía mínima da marxe de solvencia será a que para cada un se determina:

c) Nos seguros de vida vinculados á evolución de activos especificamente afectos ou de índices ou activos que se fixasen como referencia, e para as operacións de xestión de fondos colectivos de xubilación:

1.º Na medida en que a entidade asuma un risco de investimento, o catro por cento do importe das provisións de seguros de vida a que se refire a alínea a) do punto anterior.

2.º Na medida en que a entidade non asuma ningún risco de investimento, pero o importe destinado a cubrir os gastos de xestión se fixe para un período superior a cinco anos, o un por cento das provisións de seguros de vida a que se refire a alínea a) do número anterior.

3.º Na medida que a entidade non asuma ningún risco de investimento e a asignación para cubrir os gastos de xestión non se fixe para un período superior a cinco anos, unha cantidade equivalente ao 25 por cento dos gastos de administración netos da dita actividade correspondentes ao último exercicio.

4.º Na medida en que a entidade asuma riscos para caso de morte sumaráselle, ademais, o 0,3 por cento dos capitais en risco calculado na forma prevista na alínea b) do número 1 deste artigo.

5. Cando a natureza ou a calidade dos contratos de reaseguro cambiase significativamente desde o exercicio anterior, ou nos contratos de reaseguro non se produza, ou sexa insignificante a transferencia do risco, a redución por reaseguro prevista no número 1 deste artigo deberase axustar, para reflec-

tir a política de reaseguro da entidade que efectivamente incida na marxe de solvencia, reducíndose no importe que resulte necesario.

Presúmese que o reaseguro goza de calidade suficiente cando a entidade reaseguradora fose cualificada como mínimo BB por unha axencia de cualificación.

En todo caso, non se aplicará a redución por reaseguro cando das súas contas anuais se deduza motivadamente que a solvencia actual ou futura do reasegurador se poida ver afectada.»

Doce.—O artigo 63 queda redactado como segue:

«Artigo 63. Fondo de garantía.

O fondo de garantía deberá estar constituído polos elementos que con carácter xeral terán a consideración de patrimonio propio non comprometido sinalados no número 1.un do artigo 59 deste regulamento e polas plusvalías resultantes das infravaloracións de elementos do activo, logo de dedución de todos os gastos que puidesen incidir no seu importe final sinaladas na alínea c) do punto 1.dous do dito artigo, sempre que respecto a este último elemento se obtivese, se é o caso, autorización da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.»

Trece.—Modifícase a alínea b) e engádesse unha nova alínea c) ao número 6 do artigo 67, «Grupo consolidable de entidades aseguradoras», que terán a seguinte redacción:

«b) Cando a entidade dominante estea domiciliada nun Estado non pertencente ao Espazo Económico Europeo, o correspondente grupo estará composto polas entidades de nacionalidade española e, se é o caso, as filiais destas últimas, calquera que sexa a súa nacionalidade, domicilio ou natureza xurídica, e con independencia do Estado onde desenvolvan as súas actividades.

c) En todo caso, as entidades aseguradoras españolas dominantes dun grupo de sociedades estarán suxeitas ao deber de consolidación cando sexan pola súa vez dominadas por unha entidade aseguradora domiciliada nun Estado do Espazo Económico Europeo.»

Catorce.—Engádeselle unha nova alínea c) ao número 5 e créase un novo número 8 no artigo 70, «Cesión de carteira», coa seguinte redacción:

«5. Serán admisibles cesións parciais de carteira dun ramo nos seguintes casos:

c) Cando comprenda a totalidade das pólizas que, dentro dun ramo, se poidan agrupar atendendo a un criterio obxectivo, que terá que quedar determinado claramente no convenio de cesión.

En ningún caso se considerará que constitúe un criterio obxectivo a cesión de pólizas de seguros das reguladas no Real decreto 1588/1999, do 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de instrumentación dos compromisos por pensións das empresas cos traballadores e beneficiarios, correspondente a unha empresa ou grupos de empresas.»

«8. O disposto no artigo 72.7 deste regulamento enténdese aplicable ao procedemento regulado neste artigo.»

Quince.—Dáselle nova redacción ao número 7 do artigo 72, «Fusión de entidades aseguradoras», nos seguintes termos:

«7. O previsto neste artigo enténdese sen prexuízo do disposto na Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, en materia de concentracións económicas. En concreto, se a operación de fusión supera os limiares previstos nas alíneas a) ou b) do artigo 14 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, os participantes terán que notificar a operación nos termos previstos no artigo 15 da citada lei, comunicándolle ao mesmo

tempo á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións esta notificación. Consecuentemente, o procedemento previsto neste artigo suspenderase ata a terminación do procedemento eventualmente iniciado polos órganos de defensa da competencia ou, se é o caso, ata o levantamento da suspensión de acordo co artigo 15.2 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia.»

Dezaseis.—Engádeselle ao artigo 73, «Escisión de entidades aseguradoras», un novo número 11 coa seguinte redacción:

«11. Cando a escisión supoña o traspaso da parte segregada a unha entidade xa existente, entenderase aplicable ao procedemento regulado neste artigo o disposto no artigo 72.7 deste regulamento.»

Dezasete.—A alínea c) do artigo 75, «Estatutos», queda redactada nos seguintes termos:

«Os estatutos das entidades aseguradoras, sen prexuízo do previsto no artigo 24 da lei, deberán conter, en todo caso, os seguintes extremos:

c) O obxecto da entidade e o ámbito territorial en que se desenvolverá a súa actividade.»

Dezaoito.—O número 2 do artigo 97, «Cesión de carteira», queda redactado nos seguintes termos:

«2. No prazo dun mes, contado desde a dita publicación, os tomadores daqueles seguros en que España sexa o Estado membro do compromiso ou de localización do risco, poderán exercer o dereito de resolución previsto no artigo 50.3 da lei. En todo o demais, esta cesión de carteira axustarase ao disposto no artigo 22 da lei e 70 deste regulamento, tendo en conta que a apertura do período de información pública só procederá cando España sexa o Estado de compromiso ou de localización do risco.»

Dezanove.—Engádeselle á alínea f) do número 1 do artigo 105, «Deber particular de información no caso dos seguros sobre a vida», un último inciso coa seguinte redacción:

«Nos seguros en que o tomador asuma o risco do investimento especificarase o importe, base de cálculo e periodicidade de todos os gastos inherentes á operación».

Vinte.—Dáselle nova redacción ao artigo 129:

«Artigo 129. Cesión de carteira.

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións prestará a súa conformidade para a cesión de carteira dos contratos de seguro dunha entidade aseguradora domiciliada noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo, cando España sexa o Estado membro do compromiso ou de localización do risco e sempre que non haxa ningunha obxeción legal a aquela.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións deberá ser consultada cando a cedente sexa unha sucursal establecida en España dunha entidade aseguradora domiciliada noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo.

Finalmente, cando a cesionaria sexa unha entidade aseguradora española, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións deberá certificar que a cesionaria dispón, tendo en conta a cesión, da marxe de solvencia necesaria.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións deberá expresar o seu criterio no prazo de tres meses desde a recepción da petición de conformidade, formulación de consulta ou solicitude de certificación remitida polo Estado membro de orixe da entidade aseguradora cedente. Se transcorrido o dito prazo a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións non se pronunciase ao respecto, entendera-

se outorgada a conformidade, contestada a consulta ou remitida a certificación.

3. Cando España sexa o Estado membro do compromiso ou de localización do risco, exixiráselle á entidade cedente queles notifique individualmente aos tomadores o dereito a resolver os contratos de seguro que, subscritos en réxime de dereito de establecemento ou de libre prestación de servizos, resulten afectados pola cesión ou que, como consecuencia dela, pasen a calquera destes réximes, así como o dereito ao reembolso da parte de prima non consumida. Unha vez que a autoridade de supervisión do Estado membro de orixe da cedente lle dea a súa autorización á cesión, comunicándolla á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, con especificación da data de efecto, esta procederá a publicar no «Boletín Oficial del Estado» a cesión autorizada, podéndose exercer o dereito de resolución dos contratos no prazo dun mes contado desde a dita publicación.»

Vinte e un.—Modifícase a alínea d) e engádesse unha nova alínea j) ao número 1 do artigo 136, «Establecemento de sucursais», que terá a seguinte redacción:

«1. Coa solicitude de autorización prevista no número 1 do artigo 87 da lei, deberase presentar na Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a documentación seguinte:

d) As bases técnicas utilizadas nos seguros de vida para o cálculo das primas e das provisións técnicas, sen que esta exixencia poida constituír unha condición previa para o exercicio da actividade.

j) Se a entidade pretende cubrir os riscos do ramo de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, excluída a responsabilidade do transportista, deberá comunicar o nome e enderezo do representante designado en cada un dos Estados do Espazo Económico Europeo distinto a España, encargado da tramitación e liquidación dos sinistros ocorridos nun Estado membro distinto ao de residencia do prexudicado ou nun país asinante do sistema de Carta Verde.»

Vinte e dous.—O número 3 do artigo 137, «Condições para o exercicio da actividade aseguradora», pasa a ter a seguinte redacción:

«3. Os modelos de pólizas, bases técnicas e tarifas de primas non precisarán aprobación administrativa previa.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá requirir a presentación dos modelos de pólizas, bases técnicas e tarifas de primas sempre que o entenda pertinente, co obxecto de controlar se respectan as disposicións técnicas e sobre contrato de seguro.»

Vinte e tres.—Engádeselle un novo número 3 á disposición adicional terceira, «Dotación das provisións técnicas. Contía mínima»:

«3. Considerarase que a provisión de prestacións se calculou aplicando o método de valoración individual de sinistros cando a provisión de prestacións pendentes de liquidación ou pagamento se determine de acordo co establecido no artigo 40 e a provisión de gastos internos de liquidación se determine conforme o establecido no artigo 42, calquera que sexa o método de cálculo da provisión de sinistros pendentes de declaración.»

**Disposición adicional única.** *Adaptación á estrutura ministerial actual.*

De acordo co disposto no Real decreto 557/2000, do 27 de abril, de reestruturación dos departamentos ministeriais, e no Real decreto 777/2002, do 26 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica básica do Ministerio de Economía, as referencias que o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, apro-



bado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, así como as súas normas de desenvolvemento, efectúan ao ministro ou Ministerio de Economía e Facenda teñen que se entender efectuadas ao ministro ou Ministerio de Economía e, igualmente, as efectuadas á Dirección Xeral de Seguros teñen que se entender efectuadas á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

**Disposición transitoria primeira.** *Réxime transitorio dos beneficios futuros do ramo de vida para efectos do seu cómputo como patrimonio propio non comprometido.*

1. Ata o 31 de decembro de 2009, poderase computar como patrimonio propio non comprometido o 50 por cento dos beneficios futuros referidos exclusivamente ao ramo de vida, excluindo a parte dos beneficios futuros que xurda das plusvalías mencionadas na alínea c) do número dous do artigo 59.1 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, que fose xa tida en conta para tales efectos.

O importe dos beneficios futuros que se debe computar obterase multiplicando o beneficio anual estimado por un factor que represente a duración residual media dos contratos, sen que este factor poida ser superior a seis. O beneficio anual estimado non excederá da media aritmética dos resultados das contas técnicas no ramo durante os últimos cinco exercicios económicos.

O importe que se debe computar non poderá exceder do 25 por cento do patrimonio propio non comprometido, avaliado computando as partidas do número un e das alíneas a) e c) do número dous do artigo 59.1 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, deducidos os elementos indicados no punto 2 deste artigo, ou do 25 por cento da contía mínima de marxe de solvencia, se esta fose inferior.

En todo caso, o seu cómputo só será admitido pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións cando, ademais do cumprimento dos requisitos anteriores, a entidade presentase ante o dito centro directivo un informe actuarial xustificando a probabilidade de que se produzan estes beneficios no futuro.

2. Durante os exercicios 2004 a 2009, a entidade irá eliminando esa partida, de acordo cun plan sistemático acordado pola entidade e comunicado á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto.

3. Para efectos do patrimonio propio non comprometido dos grupos consolidables de entidades aseguradoras, poderase computar o 50 por cento da suma dos beneficios futuros do ramo de vida da sociedade dominante e das dependentes, sempre que eses beneficios sexan computables individualmente e respecten no nivel consolidado os límites dispostos no número 1 anterior. Ademais, a suma dos citados beneficios futuros e de calquera outro elemento que, a xuízo da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, puidese non estar dispoñible de modo efectivo para cumprir o requisito de marxe de solvencia da entidade dominante, non se poderá computar por unha contía superior a aquela pola que sexa computable na marxe de solvencia que corresponda á entidade dependente.

**Disposición transitoria segunda.** *Réxime transitorio das novas exixencias de solvencia.*

En 31 de decembro de 2006, as entidades aseguradoras deberanse ter adaptado ás novas exixencias de marxe de solvencia previstas neste real decreto. A adaptación efectuarase linealmente ou mediante outro criterio sistemático acordado pola entidade con carácter irreversible, comunicado á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto.

As entidades que previsen non poder alcanzar as novas exixencias de solvencia na data indicada deberán presentar, antes da dita data, para a súa aprobación pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, de acordo co disposto no artigo 39 da Lei 30/1995, do 8 de

novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, un plan en que se determinen as medidas que se adoptarán, con indicación das condicións e o prazo, que non poderá ser superior a dous anos, para alcanzar, en todo caso, as novas exixencias de solvencia.

A partir do 31 de decembro de 2006, as contribucións non reintegrables de socios e mutualistas realizadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto deberán estar adaptadas aos requisitos exixidos pola nova redacción da alínea d) do artigo 59.1.un do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, para efectos do seu cómputo na marxe de solvencia.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Lexislación básica.*

De conformidade co establecido na disposición derradeira primeira da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, teñen a consideración de bases da ordenación dos seguros, ao abeiro do artigo 149.1.11.<sup>a</sup> da Constitución, as disposicións transitorias primeira e segunda deste real decreto.

**Disposición derradeira segunda.** *Habilitación para desenvolvemento normativo.*

Facúltase o ministro de Economía, por proposta da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e logo do informe da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, para realizar o desenvolvemento normativo das disposicións contidas neste real decreto.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de febreiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno  
e ministro de Economía,

RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

## MINISTERIO DE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

### 3326

*CORRECCIÓN de erros da Orde APU/126/2004, do 23 de xaneiro, de desenvolvemento e aplicación do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais. («BOE» 46, do 23-2-2004.)*

Advertido erro na Orde APU/126/2004, do 23 de xaneiro, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 3 en lingua galega, de data 2 de febreiro de 2004, procédese a efectuar a seguinte corrección:

No anexo I «Modelos de documentos»:

A continuación do modelo 4C, deberá incluírse o modelo 5A «Certificado de recepción de obra contratada».